
NON HAI BERCE COMA O COLO

Proxecto de MAGOIA BODEGA

e PAULO NOGUEIRA

Ilustracións de MARIONA CABASSA

Voces de SONIA LEBEDYNSKI, MINI RIVAS,
MERCHI RODRÍGUEZ (LEILÍA)

Interpretacións musicais de PANCHO ÁLVAREZ,
NAVIA RIVAS, CÉSAR LONGA,
BEGOÑA RIOBÓ, SEGUNDO GRANDÍO,
MAGOIA BODEGA, PAULO NOGUEIRA

Encadernado en cartonné. 16 x 16 cm. 48 páx. 20 €.

ISBN 986-84-8464- 907-6. Libro-disco.

Presentación de Magoia Bodega e Paulo Nogueira. Limiar de Mini Rivas.

*Estes cantos de berce, noutrora abondosos
e hoxe case inexistentes, transmitían as palabras primeiras.
Palabras que completaban o universo sonoro
co amor vertido sobre a criatura...*

[Fragmento do prólogo de Mini Rivas]

Unha voz susurrante, unha melodía suave e o movemento acompasado foron dende tempo inmemorial a receita coa que adormecían os meniños, especialmente sensibles para captar esas sonoridades e abaneos envoltos de afectividade. O remedio aos medos, aos desacougos e aos choros está na tenrura destes cantos de berce, auténtica poesía infantil de tradición oral que achega os cativos ao mundo máis próximo, que lles proporciona ritmo prosódico e corporal, que lles transmite unha valiosa bagaxe para o seu crecemento persoal.

A riqueza deste patrimonio -que en Galicia conta con auténticas alfaias melódicas da tradición oral e musical- non debe caer no esquecemento. O proxecto dirixido por Magoia Bodega e Paulo Nogueira, coa colaboración de destacados músicos e intérpretes, persegue que estes arrollos sigan cantándose nos fogares.

As 15 pezas seleccionadas no libro-disco "Non hai berce coma o colo" -concibido como un agasallo para os bebés- conforman unha viaxe musical pola xeografía galega, dende Viveiro a Domaio, pasando por Ribeira de Piquín. Letras tradicionais, música e imaxe transpórtannos tamén a outro territorio imprescindible: o da memoria.

Mariona Cabassa ilustra cada canto con escenas de intenso colorido, nas que destaca o protagonismo da natureza e da familia, na súa diversidade.



- **Temática:** libro-disco con 15 cantos de berce tradicionais.
- **Idade recomendada:** dende 0 anos; familia.
- **Aspectos destacables:** as letras destes cantos de berce son tradicionais; tradición oral, poesía; música tradicional galega, pre-lectores, maternidade; libro personalizable; da ilustradora de "A familia C" (III Premio Internacional Compostela) e "Bululú".
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/non-hai-berce-g>

Magoia Bodega e Paulo Nogueira

Magoia Bodega (Vigo, 1975) comezou a súa traxectoria no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde completou os estudos de gaita, piano e frauta de pico. Formou parte do grupo Muxicas dende 1990 ata a desaparición desa formación, coa que gravou os discos "Escoitando medra-la herba", "No colo do vento", "Naturalmente" e "20 anos de camiño". Ten colaborado con músicos como Rodrigo Romaní e Susana Seivane. Incorporouse a Treixadura en 2008. Paulo Nogueira (Santiago, 1974) iniciouse como gaitero da man de Nando Casal (Milladoiro), fundando en 1990 o grupo Ansuiña, en Vilanova de Arousa. Dende 1995 é gaitero e percusionista do grupo Treixadura (Premio Galego da Música). Ambos son mestres de Primaria; realizaron a dirección e a produción musical dos traballos audiovisuais "O Quiquiriqui" e "Pelo Gato 24". Tamén se ocuparon dos arranxos e da produción musical do libro-disco "Pan de millo", de Migallas (KALANDRAKA).

Mariona Cabassa

(Barcelona, 1977)

Estudou na Escola Massana de Barcelona e completou a súa formación en Francia. Participou en exposicións colectivas de gravado e ilustración. Ademais do III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por "A familia C" (KALANDRAKA), recibiu o Premio da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña en 2003 e 2009. Foi seleccionada en 2005 para participar na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Traballa como ilustradora e imparte cursos de arte e deseño.

www.marionacabassa.es



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
